

Categorías

- A. Alumnado de 4º, 5º e 6º de primaria
- B. Alumnado de 1º, 2º, 3º ESO e FP básica
- C. Alumnado de 4º ESO, 1º, 2º de bacharelato e ciclos formativos

III CERTAME DE POESÍA BEATRIZ DA SERRA

Organizado polos Equipos de
Dinamización da Lingua Galega
(EDLG) de:

*IES Escolas Proval
(Nigrán)*
*IES Plurilingüe Terra de Turonio
(Gondomar)*
*IES Primeiro de Marzo
(Baiona)*
*CLIP Plurilingüe Chano Piñeiro
(Gondomar)*
*CLIP Carlos Casares
(Nigrán)*
*CPI Plurilingüe Arquitecto
Palacios (Nigrán)*

En colaboración cos concellos de
Gondomar, Nigrán e Baiona

Participación

Neste certame de
micropoemas poderá
participar o alumnado
dos centros educativos
do Val Miñor

I Certame de poesía Beatriz da Serra



*IES Terra de Turonio
IES ESCOLAS PROVAL*

**III CERTAME
DE POESÍA**
Beatriz da Serra



**Poemas
premiados**

IES Terra de Turonio • IES Escolas Proval • CPI Carlos Casares

BASES

A PARTICIPACIÓN NO CERTAME SUPÓN
A ACEPTACIÓN DESTAS BASES.

III CERTAME DE MICROPOEMAS BEATRIZ DA SERRA

Condições

Os poemas presentados deberán ser orixinais e inéditos, de temática libre, e estarán escritos en lingua galega. Terán unha extensión mínima de 3 versos e máxima de 8. Cada participante poderá presentar até catro poemas.

Envío dos poemas

As obras propostas enviaranse ao correo: poesiaminhora@gmail.com

O envío conterá dous documentos:

- O 1º chamarase **pseudónimo+poemas** e incluirá os poemas que se presentan ao certame en formato PDF, e terán que ir asinados con pseudónimo (neste documento non pode aparecer o nome da persoa que se presenta).
- O 2º chamarase **pseudónimo+datos**, tamén en PDF, e incluirá a seguinte información da autora ou autor:

pseudónimo
nome e apelidos
idade
curso
centro de estudos
teléfono de contacto
correo electrónico
endereço postal

A data límite para a presentación dos poemas será o **17 de maio** ás 23:59 horas

Xurado

- O xurado estará composto por cinco especialistas en literatura galega.
- Se o xurado o considera, poderá quedar algún premio deserto. Tamén poderá recomendar a publicación dalgún poema que destaque pola súa calidade entre os que non resulten premiados. Calquera incidencia non prevista nestas bases será resolta polo xurado.
- O fallo do xurado será inapelable e farase público nas webs dos centros organizadores ao peche do certame.

Premios por categoría

- **1º PREMIO:** dúas antoloxías poéticas das voces máis novas, certificación acreditativa, unha peza cerámica conmemorativa de Antón Román e mais dez exemplares do libro do certame.
- **2º PREMIO:** dúas antoloxías poéticas das voces máis novas, certificación acreditativa e mais dez exemplares do libro do certame.

Acto de entrega

- Os premios serán entregados nun acto poético organizado polos centros e concellos convocantes.
- Os poemas premiados serán publicados nas webs dos centros convocantes e enviados aos medios dixitais do Val de Miñor. Tamén se fará unha publicación impresa, que servirá para lembrar a Beatriz da Serra -a baionesa que se carteu en galego co Conde de Gondomar- e para a difusión dos poemas premiados.